

Concello de Viveiro



Dependencia
XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUNZI0B0

Expediente

Fecha

13-07-15 10:18

Asunto

Acta de la sesión AYT/XGL/20/2015

27066DXUNZI0EZd



ACTA DA XUNTA DE GOBERNO

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DIA SETE DE XULLO DE DOUS MIL QUINCE

ASISTENTES:

D/D^a MARIA LOUREIRO GARCIA
D/D^a JESUS ANTONIO FERNANDEZ CAL
D/D^a MARIA ISABEL RODRIGUEZ LOPEZ
D/D^a JESUS FERNANDEZ FERNANDEZ
D/D^a LARA FERNANDEZ FERNÁNDEZ-NORIEGA
D/D^a EMILIO VILLARMEA MENDEZ

AUSENCIAS:

D/D^a MARIA ROSA ABELLEIRA FERNÁNDEZ

SECRETARIA XERAL:

D^a. MARÍA LUZ BALSA RÁBADE

Na Casa do Excmo. Concello de VIVEIRO, sendo as 17:00 do día 07 de xullo de 2015, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, D^a. María Loureiro García, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a da Secretaria Xeral, D^a. María Luz Balsa Rábade, ten lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria.

Á hora sinalada para este acto polo Sra. Alcaldesa, declárase aberto o mesmo.

Concello de Viveiro



Dependencia
XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUNZI0B0

Expediente

Fecha

13-07-15 10:18

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA ANTERIOR.

15.07.07/ACT.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 1 DE XULLO DE 2015.

Non existindo ningunha obxección ó respecto procédese á aprobación da acta da sesión celebrada o día 01/07/2015.

2.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DICTADAS POR AVOCACIÓN DE COMPETENCIAS.

15.07.07/RES.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Por parte do Sra. Alcaldesa, D^a. María Loureiro García, dáse conta das Resolucións feitas pola Alcaldía mediante a avocación de competencias delegadas na Xunta de Goberno Local.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Darse por informada dos Decretos ditados pola Alcaldía por avocación de competencias, entendendo que en tódolos casos existía motivación suficiente da urxencia para a súa realización.

3.- DACIÓN DE CONTA DE DECRETO DE DELEGACIÓN DE FUNCIÓNS.

15.07.07/DEC.- DECRETO DE DELEGACIÓNS.

Por parte do Sra. Alcaldesa, D^a. María Loureiro García, dáse conta do Decreto de Delegacións, que literalmente di:

“María Loureiro García, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Viveiro,

En virtude do establecido no artigo 21.2 da Lei 7/1985, reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 53.2, 63 e 64 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 61.3 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.

Concello de Viveiro



Dependencia

XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUNZI0B0

Expediente

Fecha

13-07-15 10:18

RESOLVO

Primeiro.- Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes atribucións:

- *Aprobación dos proxectos de obras e servizos, cando a Alcaldía sexa competente para a súa contratación ou concesión e esteñan previstos no Orzamento.*
- *As competencias como órgano de contratación, respecto dos contratos de obras, de suministro e de servizos, de xestión de servizos públicos, os contratos administrativos especiais e os contratos privados cando o seu importe non supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquer caso, a cuantía dos seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referida ós recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercizo, nin a cuantía sinalada.*
- *Adxudicación de concesións sobre bens municipais e a adquisición de bens e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial, cando o seu valor non supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento nin o importe de tres millóns de euros, así como a enaxenación do patrimonio, cando o seu valor non supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento nin o importe de tres millóns de euros, así como a enaxenación de patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a cuantía indicadas.*
- *Outorgamento de licenzas urbanísticas de competencia da Alcaldía.*
- *Autorización de entronques á rede de subministro de abastecemento de auga e á rede de sumidoiros municipais.*
- *Aprobación da oferta de emprego público de acordo co Orzamento e Plantilla aprobados polo Pleno, as bases das probas para a selección de persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo.*
- *As aprobacións dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ó Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.*
- *As competencias que correspondan á Alcaldía no tocante ás licenzas de taxi.*
- *As competencias que correspondan á Alcaldía no tocante ás autorizacións para a tenencia de cans de raza perigosa.*
- *As competencias que correspondan a esta Alcaldía no tocante a solicitudes de subvencións.*

Concello de Viveiro



Dependencia

XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUNZI0B0

Expediente

Fecha

13-07-15 10:18

- *As competencias que correspondan a esta Alcaldía no tocante á concesión ou revocación ós usuarios do servizo de axuda no fogar.*
- *Autorización, disposición e recoñecemento de gastos orzamentarios que requiran de fiscalización previa. A aprobación da xustificación dos pagos a xustificar. Non se entende incluída nesta delegación a constitución dos pagos a xustificar nin a constitución e extinción dos anticipos de caixa fixa. Tampouco se engloba nesta delegación a aprobación de gastos non orzamentarios nin os recoñecementos extraxudiciais de crédito, que de acordo coa normativa xeral e bases de execución do orzamento municipal se atribúan excepcionalmente á Alcaldía.*

Segundo.- As atribucións delegadas poderán ser avocadas pola Alcaldía nos supostos previstos no artigo 14 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, xustificando en todo caso a urxencia, e dando conta posteriormente á Xunta de Goberno Local, na primeira sesión que se celebre, das Resolucións que se dicten pola Alcaldía por avocación de competencias.

Terceiro.- Dar conta da presente Resolución ó Pleno da Corporación, na primeira sesión que se celebre.

Cuarto.- Remitir a presente Resolución ó Boletín Oficial da Provincia para a súa publicación.

En Viveiro, a 3 de xullo de 2015.

A ALCALDESA

Asdo: María Loureiro García”

4.- LICENZAS DE OBRAS MENORES.

A.- URB/56/2015.- H27129501 C.P. EDIFICIO BEHER

Vista a solicitude de licenza presentada Comunidade de Propietarios Edificio Beher, con NIF H27129501, e domicilio a efectos de notificacións na Avda Cervanes , 30, en Viveiro, para executar obras (picado, impermeabilización e colocación de sumidoiros) no patio de luces da edificación sita na avda Cervantes, nº 30 no casco antigo de Viveiro, de referencia catastral 3456305PJ1335N. Na mesma data foron ingresados os tributos municipais por ICIO, taxa de licenza de obras e sellos municipais.

Visto o informe técnico favorable emitido pola aparelladora da oficina de rehabilitación, co visto e prace do arquitecto municipal.

Concello de Viveiro



Dependencia
XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUNZI0B0

Expediente

Fecha

13-07-15 10:18

Visto que por parte da técnico xurídico do Departamento de Urbanismo se emitiu informe xurídico conforme o previsto no artigo 195 da LOUGA e 12 do DRUG.

Visto que a técnico xurídico sinala no seu informe que, de conformidade co disposto no artigo 194.2, letra b) da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (en diante, LOUGA), na redacción dada polo numero 4 da Disposición final terceira da Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, as actuacións proxectadas atópanse suxeitas a licenza por tratarse de edificios incluídos no catálogo inventario do PEPRI. O procedemento de outorgamento de licenzas urbanísticas é o regulado no artigo 195 da LOUGA. Constan no expediente os informes preceptivos técnico e xurídico .

Respecto á Adecuación das actuacións á lexislación e planeamento urbanísticos aplicables.

A ordenanza de aplicación ao solo urbano da zona antiga de Viveiro é a regulada no punto 1.3 do Anexo ao Decreto 102/2006, que remite, en canto a condicións de edificación e usos, ao documento do PEPRI da zona antiga aprobado definitivamente polo Pleno do Concello o 7 de agosto de 1997 (BOP de Lugo nº 233 do 10 de outubro, así como as súas modificacións puntuais aprobadas definitivamente en datas do 31 de xullo de 2003 e do 9 de setembro de 2003. As actuacións propostas adecúanse á normativa urbanística e planeamento de aplicación, segundo se indica expresamente no informe técnico ao expediente.

De conformidade co disposto no artigo 47.2 da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia, os Concellos son competentes para autorizar as obras que desenvolvan os plans especiais de protección dos conxuntos históricos, tras a súa aprobación definitiva, debendo dar conta á Consellería de Cultura das licenzas concedidas nun prazo máximo de dez días.

A Xunta de Goberno Local, en base á proposta de resolución da técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Outorgar á Comunidade de Propietarios Edificio Beher licenza municipal para executar obras (picado, impermeabilización e colocación de sumidoiros) no patio de luces da edificación sita na Avda. Cervantes, nº 30, no casco antigo de Viveiro, de referencia catastral 3456305PJ1335N.

Concello de Viveiro



Dependencia

XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUNZI0B0

Expediente

Fecha

13-07-15 10:18

Segundo.- Con independencia das condicións xerais ás que se atopan suxeitas tódalas licenzas urbanísticas, a presente quedará sometida ao cumprimento das CONDICIÓN PARTICULARES que de seguido se transcriben:

- Os entullos que se xeneren deberán ser trasladados a vertedoiro autorizado.
- Deberase solicitar autorización municipal para ocupación do dominio público, de ser necesaria.

Terceiro.- Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e non poderá ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.

Cuarto.- O prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, dende a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, previa solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados.

Quinto.- Dar traslado deste acordo ó Servizo de Urbanismo ós efectos de proceder á súa notificación ós interesados.

Sexto.- Dar conta da concesión desta licenza, no prazo máximo de dez días, á Consellería de Cultura, en cumprimento do disposto no artigo 47.2 da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia.

B.- URB/64/2015.- 33853373H ROUCO YAÑEZ, JOSE EUGENIO

Vista a solicitude de licenza presentada por D. José Eugenio Rouco Yáñez, con DNI 33.853.373-H, e domicilio en Xunqueira, 27- 4ºE, en Viveiro, para adicalo a perruquería de cabaleiros. O local atópase ubicado na rúa N. Pastor Díaz, nº 9, baixo, no casco antigo de Viveiro, de referencia catastral 3354523PJ1335S0002JP. Coa solicitude, o interesado achegou un documento técnico comprensivo de memoria de actividade e acondicionamento de local para perruquería de cabaleiros asinado pola arquitecta, Dª. Patricia Figueira Fornos en data 17 de marzo de 2015, e consta certificación técnica de solidez e seguridade do inmovible asinado o 19 de

Concello de Viveiro



Dependencia
XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUNZI0B0

Expediente

Fecha

13-07-15 10:18

marzo de 2015 pola antedita arquitecta. Consta no expediente o xustificante de ter aboados os tributos municipais correspondentes á licenza de obras.

Visto o informe técnico favorable emitido pola apareladora da oficina de rehabilitación, co visto e prace do arquitecto municipal.

Visto que por parte da técnico xurídico do Departamento de Urbanismo se emitiu informe xurídico conforme o previsto no artigo 195 da LOUGA e 12 do DRUG.

Visto que a técnico xurídico sinala no seu informe que, consonte o disposto no artigo 194.2 da LOUGA, na redacción dada pola disposición transitoria terceira da Lei 19/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, estarán suxeitos a licenza municipal previa... *b) as intervencións en edificios declarados bens de interese cultural ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos.* O inmovible sobre o que se pretende actuar atópase no catálogo do PEPRI do casco antigo de Viveiro, polo que as actuacións solicitadas han de tramitarse polo procedemento de licenza municipal.

Segundo o disposto no artigo 196.2 da LOUGA, cando a obra teña por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, consignarase expresamente esa circunstancia e, xunto coa comunicación previa ou solicitude de licenza de obra, no seu caso, poñeranse en coñecemento da administración municipal os datos identificativos e aportarase a documentación prevista no artigo 24 da Lei do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

O artigo 24.2 da norma citada establece que, se para o desenvolvemente da actividade é precisa a realización dunha obra, a documentación indicada no parágrafo 1º dese artigo presentarase coa comunicación previa prevista na normativa urbanística ou coa solicitude de licenza de obra, se proceder. E logo de rematada a obra, presentarase comunicación previa para o inicio da actividade.

A documentación acreditativa dos requisitos exixibles para o exercicio da actividade ou para o inicio da obra e instalación, á que se refire o parágrafo 1º do artigo 24 da Lei 9/9/2013, do emprendemento, é a seguinte:

- a) Memoria explicativa da actividade que se pretende realizar, coa manifestación expresa do cumprimento de todos os requisitos técnicos e administrativos.
- b) Xustificante de pagamento dos tributos municipais.
- c) Declaración de que se cumpren todos os requisitos para o exercicio da actividade e de que os locais e as instalacións reúnen as condicións de seguridade, salubridade e as demais previstas no planeamento urbanístico

Concello de Viveiro



Dependencia

XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUNZI0B0

Expediente

Fecha

13-07-15 10:18

- d) Proxecto e documentación técnica que resulte exixible segundo a natureza da actividade ou instalación.
- e) A autorización ou declaración ambiental que proceda.
- f) As autorizacións e os informes sectoriais que sexan preceptivos, xunto coa manifestación expresa de que se conta con todos os necesarios para o inicio da obra, instalación ou actividade.
- g) Se for o caso, o certificado, acta ou informe de conformidade emitido polas entidades de certificación de conformidade municipal reguladas nesta lei.

Revisada a documentación achegada polo interesado, considéranse suficientemente acreditados todos os apartados que resultan esixibles para a actividade proposta, e que son os referidos nas letras a), b) e c); respecto dos documentos enumerados nas letras d) a g), non é necesaria a súa achega dada a natureza da actividade proxectada.

Respecto á Adecuación das actuacións á lexislación e planeamento urbanísticos aplicables

A ordenanza de aplicación ao solo urbano da zona antiga de Viveiro é a regulada no punto 1.3 do Anexo ao Decreto 102/2006, que remite, en canto a condicións de edificación e usos, ao documento do PEPRI da zona antiga aprobado definitivamente polo Pleno do Concello o 7 de agosto de 1997 (BOP de Lugo nº 233 do 10 de outubro, así como as súas modificacións puntuais aprobadas definitivamente en datas do 31 de xullo de 2003 e do 9 de setembro de 2003.

O uso comercial proxectado é un uso admitido polo PEPRI do casco antigo, compatible co uso residencial. Segundo o informe técnico emitido ao expediente de licenza de obras as obras propostas cumpren coa normativa urbanística e técnica así como coa ordenanza de aplicación.

De conformidade co disposto no artigo 47.2 da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia, os Concellos son competentes para autorizar as obras que desenvolvan os plans especiais de protección dos conxuntos históricos, tras a súa aprobación definitiva, debendo dar conta á Consellería de Cultura das licenzas concedidas nun prazo máximo de dez días.

A Xunta de Goberno Local, en base á proposta de resolución da técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, por unanimidade, acorda:

Concello de Viveiro



Dependencia
XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUNZI0B0

Expediente

Fecha

13-07-15 10:18

Primeiro.- Outorgar a D. José Eugenio Rouco Yáñez, licenza municipal para obras de acondicionamento de local sito na rúa N. Pastor Díaz, nº 9, baixo, no casco antigo de Viveiro, de referencia catastral 3354523PJ1335S0002JP, para adicalo a perruquería de cabaleiros. As obras executaranse segundo o documento técnico comprensivo de memoria de actividade e acondicionamento de local para perruquería de cabaleiros asinado pola arquitecta, D^a. Patricia Figueira Fornos en data 17 de marzo de 2015.

Segundo.- Con independencia das condicións xerais ás que se atopan suxeitas tódalas licenzas urbanísticas, a presente quedará sometida ao cumprimento das CONDICIÓNES PARTICULARES que de seguido se transcriben:

- **Una vez rematadas as obras presentarse comunicación previa para o inicio da actividade.**
- De xenerarse entullos, deberán ser trasladados a vertedoiro autorizado.
- Deberase solicitar autorización municipal para ocupación do dominio público, de ser necesaria.

Terceiro.- Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e non poderá ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.

Cuarto.- O prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, dende a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, previa solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados.

Quinto.- Dar traslado deste acordo ó Servizo de Urbanismo ós efectos de proceder á súa notificación ós interesados.

Sexto.- Dar conta da concesión desta licenza, no prazo máximo de dez días, á Consellería de Cultura, en cumprimento do disposto no artigo 47.2 da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia.

C.- URB/65/2015.- E27467455 AFRICA COPIAS C.B.

Concello de Viveiro



<i>Dependencia</i> XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL 62.- MOC		
<i>Documento</i> XUNZI0B0	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 13-07-15 10:18

Vista a solicitude de licenza presentada pola Comunidade de bens Africa Copias, C. B., con NIF E27467455, e domicilio na Praza Fonte Nova, 7, en Viveiro, para acondicionamento de local sito na Praza Fontenova, nº 7 baixo, no casco antigo de Viveiro, de referencia catastral 3354803PJ1335S0001JO, para adicalo á actividade de papelería e copistería.

Coa solicitude, a comunidade de bens interesada achegou proxecto técnico asinado polo arquitecto técnico, D. Juan María Oroza Soto, datado en marzo de 2015. Consta no expediente o xustificante de ter aboados os tributos municipais correspondentes á licenza de obras.

Visto o informe técnico favorable emitido pola arquitecta técnica da oficina de rehabilitación, co visto e prace do arquitecto municipal.

Visto que por parte da técnico xurídico do Departamento de Urbanismo se emitiu informe xurídico conforme o previsto no artigo 195 da LOUGA e 12 do DRUG.

Visto que a técnico xurídico sinala no seu informe que, consonte o disposto no artigo 194.2 da LOUGA, na redacción dada pola disposición transitoria terceira da Lei 19/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, estarán suxeitos a licenza municipal previa.... b) as intervencións en edificios declarados bens de interese cultural ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos. O inmovible sobre o que se pretende actuar atópase no catálogo do PEPRI do casco antigo de Viveiro, polo que as actuacións solicitadas han de tramitarse polo procedemento de licenza municipal.

Segundo o disposto no artigo 196.2 da LOUGA, cando a obra teña por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, consignarase expresamente esa circunstancia e, xunto coa comunicación previa ou solicitude de licenza de obra, no seu caso, poñeranse en coñecemento da administración municipal os datos identificativos e aportarase a documentación prevista no artigo 24 da Lei do emprendemento e da competitividade económica de Galicia

O artigo 24.2 da norma citada establece que, se para o desenvolvemente da actividade é precisa a realización dunha obra, a documentación indicada no parágrafo 1º dese artigo presentárase coa comunicación previa prevista na normativa urbanística ou coa solicitude de licenza de obra, se proceder. E logo de rematada a obra, presentárase comunicación previa para o inicio da actividade.

Concello de Viveiro



<i>Dependencia</i> XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL 62.- MOC		
<i>Documento</i> XUNZI0B0	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 13-07-15 10:18

A documentación acreditativa dos requisitos exixibles para o exercicio da actividade ou para o inicio da obra e instalación, á que se refire o parágrafo 1º do artigo 24 da Lei 9/9/2013, do emprendemento, é a seguinte:

- a) Memoria explicativa da actividade que se pretende realizar, coa manifestación expresa do cumprimento de todos os requisitos técnicos e administrativos.
- b) Xustificante de pagamento dos tributos municipais.
- c) Declaración de que se cumpren todos os requisitos para o exercicio da actividade e de que os locais e as instalacións reúnen as condicións de seguridade, salubridade e as demais previstas no planeamento urbanístico
- d) Proxecto e documentación técnica que resulte exixible segundo a natureza da actividade ou instalación.
- e) A autorización ou declaración ambiental que proceda.
- f) As autorizacións e os informes sectoriais que sexan preceptivos, xunto coa manifestación expresa de que se conta con todos os necesarios para o inicio da obra, instalación ou actividade.
- g) Se for o caso, o certificado, acta ou informe de conformidade emitido polas entidades de certificación de conformidade municipal reguladas nesta lei.

Revisada a documentación achegada polo interesado para a solicitude de licenza de obra, considéranse suficientemente acreditados os seguintes extremos:

Memoria explicativa da actividade (punto 2.1.2 do proxecto).

Manifestación expresa de cumprimento de todos os requisitos exixibles para o exercicio da actividade.

Xustificante de pagamento dos tributos municipais.

Non resultan esixibles os documentos indicados nas letras d), e), f) e g) dada a natureza da actividade proxectada.

Respecto á Adecuación das actuacións á lexislación e planeamento urbanísticos aplicables

A ordenanza de aplicación ao solo urbano da zona antiga de Viveiro é a regulada no punto 1.3 do Anexo ao Decreto 102/2006, que remite, en canto a condicións de edificación e usos, ao documento do PEPRI da zona antiga aprobado definitivamente polo Pleno do Concello o 7 de agosto de 1997 (BOP de Lugo nº 233 do 10 de outubro, así como as súas modificacións puntuais aprobadas definitivamente en datas do 31 de xullo de 2003 e do 9 de setembro de 2003.

O uso comercial proxectado é un uso admitido polo PEPRI do casco antigo, compatible co uso residencial. Segundo o informe técnico emitido ao expediente de

Concello de Viveiro



Dependencia

XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUNZI0B0

Expediente

Fecha

13-07-15 10:18

licenza de obras as obras propostas cumpren coa normativa urbanística e técnica así como coa ordenanza de aplicación.

De conformidade co disposto no artigo 47.2 da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia, os Concellos son competentes para autorizar as obras que desenvolvan os plans especiais de protección dos conxuntos históricos, tras a súa aprobación definitiva, debendo dar conta á Consellería de Cultura das licenzas concedidas nun prazo máximo de dez días

A Xunta de Goberno Local, en base á proposta de resolución da técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Outorgar a AFRICA COPIAS, C.B., licenza municipal para obras de acondicionamento de local sito na Praza Fontenova, nº 7 baixo, no casco antigo de Viveiro, de referencia catastral 3354803PJ1335S0001JO, para adicalo á actividade de papelería e copistería. As obras executaranse segundo o proxecto técnico asinado polo arquitecto técnico, D. Juan María Oroza Soto, datado en marzo de 2015.

Segundo.- Con independencia das condicións xerais ás que se atopan suxeitas tódalas licenzas urbanísticas, a presente quedará sometida ao cumprimento das CONDICIÓNES PARTICULARES que de seguido se transcriben:

- A carpintería exterior deberá ser de madeira ou vidro.
- Unha vez rematadas as obras presentarase comunicación previa para o inicio da actividade.
- De xenerarse entullos, deberán ser trasladados a vertedoiro autorizado.
- Deberase solicitar autorización municipal para ocupación do dominio público, de ser necesaria.

Terceiro.- Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e non poderá ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.

Cuarto.- O prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, dende a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Concello de Viveiro



Dependencia

XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUNZI0B0

Expediente

Fecha

13-07-15 10:18

O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, previa solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados.

Quinto.- Dar traslado deste acordo ó Servizo de Urbanismo ós efectos de proceder á súa notificación ós interesados.

Sexto.- Dar conta da concesión desta licenza, no prazo máximo de dez días, á Consellería de Cultura, en cumprimento do disposto no artigo 47.2 da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia.

D.- URB/68/2015.- A15383284 GAS GALICIA SDG, S.A.

Vista a solicitude de licenza presentada pola mercantil GAS GALICIA, SDG, S.A. con NIF A15383284, e domicilio a efectos de notificacións na rúa Lisboa, Edificio Area Central, Local 31 HIJ, Santiago de Compostela, A Coruña, para a extensión de novas canalizacións subterráneas de gas natural nas rúas Pedregal-Grupo Escolar, Congostras, Granxas 78-108 e Urbanización Valdeflores, que se canalizarán nos diversos puntos dende a rede xa existente no municipio de Viveiro. A solicitude ven acompañada de proxecto técnico redactado polo enxeñeiro técnico industrial, D. Antonio Javier Sabín Vázquez visado polo colexio oficial correspondente en data 18 de marzo de 2015 co número 954/15-CO. A dirección de obra está encomendada ao enxeñeiro técnico, D. José Ramón Pérez Fernández, segundo o oficio visado polo COITI de Lugo en data 19 de marzo de 2015, co número 320/15.

Visto que consta no expediente o xustificante de ter aboados os tributos municipais correspondentes á licenza de obras e o informe favorable do Xefe do Servizo provincial de Lugo da Axencia Galega de Infraestruturas emitido segundo dispón o artigo 47.2 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, para o cruce da estrada LU-540 Viveiro (LU-862)- Cabreiros (LU-861) para a acometida de gas á urbanización Valdeflores.

Visto que en data 17 de xuño de 2015 emitíu informe técnico o arquitecto municipal; de conformidade co indicado informe as obras cumpren coa normativa técnica e o planeamento urbanístico aplicables, afectando a espazos públicos dentro do solo urbano, no que resulta de aplicación a ordenanza numero 5 do Anexo do Decreto 102/2006.

Concello de Viveiro



Dependencia
XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUNZI0B0

Expediente

Fecha

13-07-15 10:18

Visto que a técnico xurídico sinala no seu informe que, de conformidade co disposto no artigo 196.1 da Lei 9/2002 da LOUGA, cando os actos de edificación e uso do solo e do subsolo fosen realizados en terreos de dominio público, esixírase tamen licenza municipal, sen prexuízo das autorizacións ou concesións que sexa pertinente outorgar por parte da organización xurídico-pública titular do dominio público. As actuacións previstas afectan ao subsolo de varios viais municipais, tal e como se describe no proxecto técnico. A mercantil Gas Natural Transporte, S.A. é titular dunha autorización administrativa outorgada o 7 de marzo de 2013 pola Dirección General de Política Energética e Minas, do Ministerio de Industria, Energía y Turismo, para a construción do gasoducto de transporte primario de gas natural, cuido trazado discorre na súa totalidade na provincia de Lugo, tendo igualmente aprobado o proxecto técnico de execución das instalacións e recoñecendo a utilidade pública das mesmas. E en data 22 de abril de 2014 ditouse nova resolución polo antedito organo, nos mesmos termos, para a execución das instalacións relativas á Adenda nº 1 ao proxecto de autorización de instalacións, de acordo co proxecto denominado “Gasoducto de Transporte Básico Mariña Lucense (Ribadeo-Viveiro). A condición terceira da resolución do 22 de abril de 2014 dí que os cruces especiais e outras afeccións do gasoducto a bens de dominio público e a instalacións de servizos realizaranse de conformidade aos condicionados sinalados polos organismos e entidades competentes, así como por empresas de servizo público ou de servizos de interese xeral que resulten afectados pola construción das instalacións relativas ao proxecto do gasoducto denominado “Ramal a la Mariña Lucense”. Que conforme o disposto no artigo 103.2 da Lei 34/1998, do Sector de Hidrocarburos, os titulares de concesións, permisos ou autorizacións para o desenvolvemento das actividades de fabricación, regasificación, almacenamento, transporte, distribución e comercialización de combustibles gaseosos (dentro dos que o artigo 54.1, letra a) menciona o gas natural), ou para a construción, modificación ou ampliación de instalacións necesarias para as mesmas gozarán do beneficio de expropiación forzosa e ocupación temporal de bens e dereitos que esixan as instalacións e servizos necesarios, así como a servidume de paso e limitacións de dominio nos casos que sexa preciso para vías de acceso, líneas de condución e distribución dos hidrocarburos, incluíndo as necesarias para atender a vixianza, conservación e reparación das instalacións.

En consecuencia, non resulta necesaria a autorización municipal para a ocupación do subsolo dos viais públicos, por tratarse dun dereito ou beneficio expresamente recoñecido por una norma estatal, que deriva da utilidade pública das actuacións.

Respecto á adecuación das actuacións á lexislación aplicables o planeamento municipal aplicable ás actuacións propostas é o Decreto 102/2006, do 22 de xuño,

Concello de Viveiro



Dependencia

XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUNZI0B0

Expediente

Fecha

13-07-15 10:18

polo que se suspende a vixencia das NSP de Viveiro e se aproba a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento. O punto 5 do Anexo do citado Decreto autonómico establece o réxime de protección do sistema viario; as actuacións propostas, adecúanse á normativa urbanística de aplicación.

Visto que na tramitación do procedemento deuse cumprimento á obriga establecida no artigo 47.2 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, resultando acreditado no expediente o informe favorable en materia de estradas.

A Xunta de Goberno Local, en base á proposta de resolución da técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Outorgar a GAS GALICIA SDG, S.A., licenza municipal de obras para a extensión de novas canalizacións subterráneas de gas natural nas rúas Pedregal-Grupo Escolar, Congostras, Granxas 78-108 e Urbanización Valdeflores, que se canalizarán nos diversos puntos dende a rede xa existente no municipio de Viveiro, segundo o proxecto técnico redactado polo enxeñeiro técnico industrial, D. Antonio Javier Sabín Vázquez visado polo colexio oficial correspondente en data 18 de marzo de 2015 co número 954/15-CO e b aixo a dirección facultativa do enxeñeiro técnico, D. José Ramón Pérez Fernández.

Segundo.- Con independencia das condicións xerais ás que se atopan suxeitas tódalas licenzas urbanísticas, a presente quedará sometida ao cumprimento das **CONDICIÓN PARTICULARES** que de seguido se transcriben:

- a) A mercantil interesada deberá constituir, antes do inicio das obras, unha fianza de 24.000 euros en garantía da reposición de pavimentos e/ou arranxo de desperfectos que se poidan ocasionar nos viais municipais durante a execución das obras.
- b) Na execución das obras deberanse seguir as indicacións da empresa adxudicataria do servizo de abastecemento de auga (VIACQUA, S.A.), da empresa responsable da rede de distribución de enerxía eléctrica (B.E.G.A.S.A.), de Telefónica-Movistar, R Cable, da Policía Local e do persoal municipal de obras, en todo o que afecte á presenza dos mencionados servizos e/ou instalacións.
- c) Antes da colocación das distintas instalacións complementarias que se precisen, Gas Galicia SDG, S.A. deberá reunirse cos servizos técnicos municipais e facer un replanteo *in situ* para establecer a idoneidade da súa ubicación.
- d) A canalización deberá facerse polos puntos que o Concello de Viveiro determine en cada momento (estrada ou beirarrúa), que virá condicionado

Concello de Viveiro



Dependencia

XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUNZI0B0

Expediente

Fecha

13-07-15 10:18

pola existencia de servizos municipais. En todo caso respetaranse as directrices que fixen os servizos técnicos municipais, antes do comezo das obras.

- e) Para os efectos do disposto no apartado anterior, o arquitecto municipal do servizo de obras, Santiago Meitín Miguez, coordinará coa empresa executora dos traballos, coas empresas de servizos, Policía Local e persoal municipal de obras, os traballos de canalización.
- f) O remate do pavimento realizarase cos mesmos materiais e espesores que os existentes na actualidade, debendo ser reparados á maior brevidade posible calquera dano que poida afectar ao bo funcionamento dos servizos, correndo por conta da empresa solicitante os gastos que se produzan. Para estes efectos, enténdese que esta obriga comprende a reposición da totalidade da banda de rodadura nos viais cunha anchura inferior aos 4 metros e a totalidade do carril (distancia acoutada dende o eixo do vial ao seu borde) nos viais cunha anchura igual ou superior aos 4 metros; esta disposición quedará condicionada aos replanteos realizados in situ. Excepcionalmente poderán contemplarse outras solucións que deberán ser debidamente xustificadas e aceptadas pola concellería de Obras.
- g) Durante a execución das obras, así coma no caso de que aquelas se poideran atopar paradas, deberanse adoptar todas as medidas de seguridade necesarias, que deben incluír a súa sinalización.
- h) De xenerarse entullos, deberán ser trasladados a vertedoiro autorizado.
- i) Deberanse solicitar as oportunas autorizacións municipais para a ocupación de vía pública nos tramos afectados polas obras.

Terceiro.- Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e non poderá ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.

Cuarto.- O prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, dende a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, previa solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados.

Concello de Viveiro



Dependencia
XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUNZI0B0

Expediente

Fecha

13-07-15 10:18

Quinto.- Dar traslado deste acordo ó Servizo de Urbanismo ós efectos de proceder á súa notificación ós interesados.

E.-URB/95/2015.- 33669662P NOVO VILLARES, MARCELINO

Vista a solicitude de licenza presentada por D. Marcelino Novo Villares, con DNI 33.669.662-P, e domicilio na Avda. J. G. Navia Castrillón, nº 15-10 Dcha., para colocación de tubo dende o entresolo ata o portal do inmovible sito na rúa Almirante Chicarro, nº 4, no casco antigo de Viveiro, de referencia catastral 335394PJ1335S0008SH, e entronque ao alcantarillado público.

Visto o informe técnico favorable emitido pola arquitecta técnica da Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico, co visto e prace do arquitecto municipal.

Visto que por parte da técnico xurídico do Departamento de Urbanismo se emitiu informe xurídico conforme o previsto no artigo 195 da LOUGA e 12 do DRUG.

Visto que a técnico xurídico sinala no seu informe que, de conformidade co disposto no artigo 194.2 da LOUGA, na redacción dada pola disposición transitoria terceira da Lei 19/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, estarán suxeitos a licenza municipal previa.... b) as intervencións en edificios declarados bens de interese cultural ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos. O inmovible sobre o que se pretende actuar atópase no catálogo do PEPRI do casco antigo de Viveiro, polo que as actuacións solicitadas han de tramitarse polo procedemento de licenza municipal.

Respecto á ordenanza de aplicación ao solo urbano da zona antiga de Viveiro é a regulada no punto 1.3 do Anexo ao Decreto 102/2006, que remite, en canto a condicións de edificación e usos, ao documento do PEPRI da zona antiga aprobado definitivamente polo Pleno do Concello o 7 de agosto de 1997 (BOP de Lugo nº 233 do 10 de outubro, así como as súas modificacións puntuais aprobadas definitivamente en datas do 31 de xullo de 2003 e do 9 de setembro de 2003.

Visto o informe técnico emitido ao expediente de licenza de obras conclúese que as obras propostas cumpren coa normativa urbanística e técnica así como coa ordenanza de aplicación.

Concello de Viveiro



Dependencia

XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUNZI0B0

Expediente

Fecha

13-07-15 10:18

A Xunta de Goberno Local, en base á proposta de resolución da técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Outorgar a D. Marcelino Novo Villares, licenza municipal para colocación de tubo dende o entresolo ata o portal do inmovible sito na rúa Almirante Chicarro, nº 4, no casco antigo de Viveiro, de referencia catastral 335394PJ1335S0008SH, e entronque ao alcantarillado público.

Segundo.- Con independencia das condicións xerais ás que se atopan suxeitas tódalas licenzas urbanísticas, a presente quedará sometida ao cumprimento das condicións particulares que de seguido se transcriben:

- a) O interesado deberá constituir na tesourería municipal, antes de calquera actuación na vía pública, unha fianza por importe de 150 euros, en garantía da reposición do pavimento afectado.
- b) O entronque deberá realizarse polas pezas de granito e baixo a supervisión dos técnicos da oficina de rehabilitación do casco antigo. Unha vez rematadas as obras, deberase poñer tal circunstancia en coñecemento da oficina de rehabilitación do casco antigo para os efectos de comprobación e informe, se procede, da devolución da garantía constituída.
- c) A licenza municipal non autoriza, en ningún caso, remoción de terras.
- d) De xenerarse entullos, deberán ser trasladados a vertedoiro autorizado.
- e) Deberase solicitar autorización municipal para ocupación do dominio público, de ser necesaria.

Terceiro.- Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e non poderá ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.

Cuarto.- O prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, dende a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, previa solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados.

Concello de Viveiro



Dependencia
XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUNZI0B0

Expediente

Fecha

13-07-15 10:18

Quinto.- Dar traslado deste acordo ó Servizo de Urbanismo ós efectos de proceder á súa notificación ós interesados.

Sexto.- Dar conta da concesión desta licenza, no prazo máximo de dez días, á Consellería de Cultura, en cumprimento do disposto no artigo 47.2 da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia.

F.- URB/115/2015.- 76563513D GARCIA SAN ISIDRO, PILAR

Vista a solicitude de licenza presentada por D^a. Pilar García San Isidro, con DNI 76.563.513-D, e domicilio na rúa Almirante Chicarro, 31, en Viveiro, para substitución de canalóns e de pizarra e velux na cuberta do inmovible sito na rúa Almirante Chicarro, 31, no casco antigo de Viveiro, de referencia catastral 3353421PJ1335S0001SO.

Visto o informe técnico favorable emitido pola arquitecta técnica da oficina de rehabilitación, co visto e prace do arquitecto municipal.

Visto que por parte da técnico xurídico do Departamento de Urbanismo se emitiu informe xurídico conforme o previsto no artigo 195 da LOUGA e 12 do DRUG.

Visto que a técnico xurídico sinala no seu informe que, consonte o disposto no artigo 194.2 da LOUGA, na redacción dada pola disposición transitoria terceira da Lei 19/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, estarán suxeitos a licenza municipal previa.... b) as intervencións en edificios declarados bens de interese cultural ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos. O inmovible sobre o que se pretende actual atópase no catálogo do PEPRI do casco antigo de Viveiro, polo que as actuacións solicitadas han de tramitarse polo procedemento de licenza municipal.

A ordenanza de aplicación ao solo urbano da zona antiga de Viveiro é a regulada no punto 1.3 do Anexo ao Decreto 102/2006, que remite, en canto a condicións de edificación e usos, ao documento do PEPRI da zona antiga aprobado definitivamente polo Pleno do Concello o 7 de agosto de 1997 (BOP de Lugo nº 233 do 10 de outubro, así como as súas modificacións puntuais aprobadas definitivamente en datas do 31 de xullo de 2003 e do 9 de setembro de 2003

Concello de Viveiro



<i>Dependencia</i> XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL 62.- MOC		
<i>Documento</i> XUNZI0B0	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 13-07-15 10:18

Do informe técnico emitido ao expediente de licenza de obras conclúese que as obras propostas cumpren coa normativa urbanística e técnica así como coa ordenanza de aplicación

De conformidade co disposto no artigo 47.2 da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia, os Concellos son competentes para autorizar as obras que desenvolvan os plans especiais de protección dos conxuntos históricos, tras a súa aprobación definitiva, debendo dar conta á Consellería de Cultura das licenzas concedidas nun prazo máximo de dez días.

A Xunta de Goberno Local, en base á proposta de resolución da técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Outorgar a D^a. Pilar García San Isidro, licenza municipal para para substitución de canalóns e de pizarra e velux na cuberta do inmovible sito na rúa Almirante Chicarro, 31 no casco antigo de Viveiro, de referencia catastral 3353421PJ1335S0001SO.

Segundo.- Con independencia das condicións xerais ás que se atopan suxeitas tódalas licenzas urbanísticas, a presente quedará sometida ao cumprimento das condicións particulares que de seguido se transcriben:

- O novo canalón deberá ser metálico, preferiblemente de cinc; a pizarra que se utilice será tipo rumbeiro, en pezas grandes; as actuacións autorizadas non permitirán, en ningún caso, a substitución de elementos estruturais da cuberta.
- De xenerarse entullos, deberán ser trasladados a vertedoiro autorizado.
- Deberase solicitar autorización municipal para ocupación do dominio público, de ser necesaria.

Terceiro.- Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e non poderá ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.

Cuarto.- O prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, dende a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Concello de Viveiro



Dependencia
XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUNZI0B0

Expediente

Fecha

13-07-15 10:18

O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, previa solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados.

Quinto.- Dar traslado deste acordo ó Servizo de Urbanismo ós efectos de proceder á súa notificación ós interesados.

Sexto.- Dar conta da concesión desta licenza, no prazo máximo de dez días, á Consellería de Cultura, en cumprimento do disposto no artigo 47.2 da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia.

G.- URB/58/2015.- 76564131Y GOMEZ FERNANDEZ, MANUEL JOSE

Vista a solicitude de licenza presentada por D. Manuel José Gómez Fernández, con DNI 76564131-Y, e domicilio na rúa Constanza de Castro, 10, en Viveiro, para reparar o aleiro do inmovible sito na Avda. de Cervantes 15-17, no casco antigo de Viveiro, de referencia catastral 3456516PJ1335N. Na mesma data foron ingresados os tributos municipais por ICIO, taxa de licenza de obras e sellos municipais.

Visto o informe técnico favorable emitido pola aparelladora da oficina de rehabilitación, co visto e prace do arquitecto municipal.

Visto que por parte da técnico xurídico do Departamento de Urbanismo se emitiu informe xurídico conforme o previsto no artigo 195 da LOUGA e 12 do DRUG.

Visto que a técnico xurídico sinala no seu informe que, de conformidade co disposto no artigo 194.2, letra b) da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (en diante, LOUGA), na redacción dada polo numero 4 da Disposición final terceira da Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, as actuacións proxectadas atópanse suxeitas a licenza por tratarse de edificios incluídos no catálogo inventario do PEPRI. O procedemento de outorgamento de licenzas urbanísticas é o regulado no artigo 195 da LOUGA. Constan no expediente os informes preceptivos técnico e xurídico.

Respecto á Adecuación das actuacións á lexislación e planeamento urbanísticos aplicables

A ordenanza de aplicación ao solo urbano da zona antiga de Viveiro é a regulada no punto 1.3 do Anexo ao Decreto 102/2006, que remite, en canto a condicións de

Concello de Viveiro



Dependencia
XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUNZI0B0

Expediente

Fecha

13-07-15 10:18

edificación e usos, ao documento do PEPRI da zona antiga aprobado definitivamente polo Pleno do Concello o 7 de agosto de 1997 (BOP de Lugo nº 233 do 10 de outubro, así como as súas modificacións puntuais aprobadas definitivamente en datas do 31 de xullo de 2003 e do 9 de setembro de 2003. As actuacións propostas adecúanse á normativa urbanística e planeamento de aplicación.

De conformidade co disposto no artigo 47.2 da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia, os Concellos son competentes para autorizar as obras que desenvolvan os plans especiais de protección dos conxuntos históricos, tras a súa aprobación definitiva, debendo dar conta á Consellería de Cultura das licenzas concedidas nun prazo máximo de dez días.

A Xunta de Goberno Local, en base á proposta de resolución da técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Outorgar a D. Manuel José Gómez Fernández, licenza municipal para reparar o aleiro do inmovible sito na Avda. de Cervantes 15-17, no casco antigo de Viveiro, de referencia catastral 3456516PJ1335N.

Segundo.- Con independencia das condicións xerais ás que se atopan suxeitas tódalas licenzas urbanísticas, a presente quedará sometida ao cumprimento das CONDICIÓNES PARTICULARES que de seguido se transcriben:

- De xenerarse entullos, deberán ser trasladados a vertedoiro autorizado.
- Deberase solicitar autorización municipal para ocupación do dominio público, de ser necesaria.

Terceiro.- Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e non poderá ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.

Cuarto.- O prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, dende a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Concello de Viveiro



Dependencia

XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUNZI0B0

Expediente

Fecha

13-07-15 10:18

O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, previa solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados.

Quinto.- Dar traslado deste acordo ó Servizo de Urbanismo ós efectos de proceder á súa notificación ós interesados.

Sexto.- Dar conta da concesión desta licenza, no prazo máximo de dez días, á Consellería de Cultura, en cumprimento do disposto no artigo 47.2 da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia.

5.- LICENZAS DE OBRAS MAIORES.

A.- URB/234/2014.- 32772164Q RIO CORTIÑAS, ANTONIO

Vista a solicitude de licenza presentada por D. Antonio Río Cortiñas, con DNI 32.772.164-Q, e domicilio na Avda. Montserrat, 4-2ºA, C.P. 15009 A Coruña, para executar obras de substitución de estrutura e renovación de fachada en vivenda unifamiliar sita no lugar de A Trabe, nº 24, na parroquia de Galdo-Viveiro, de referencia catastral 00201000PJ13A0002YZ. O 7 de outubro de 2014 foron ingresados os tributos municipais por ICIO, taxa de licenza de obras e sellos municipais. A solicitude vén acompañada de proxecto de execución asinado pola arquitecta, Dª. Susana Pérez Pereiras, visado polo COAG o 3 de xullo de 2014 co número 1404374 e oficio de dirección de obra a favor da indicada arquitecta; En data 15 de outubro de 2014 o interesado incorporou oficio de dirección de execución material das obras a favor do aparelador, D. Bernardo Fraga Galdo.

Visto que obra no expediente autorización sectorial en materia de estradas da Presidencia da Deputación Provincial de Lugo, de fecha 10 de abril de 2015, copia da cal foi rexistrada de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Viveiro o día 18 de xuño actual, co número 4569.

Visto o informe técnico favorable, emitido polo arquitecto municipal. Segundo o mencionado informe, as actuacións propostas son obras rehabilitación e reconstrución nunha vivenda sita en solo de núcleo rural, no que resulta de aplicación a ordenanza regulada no punto 7 do anexo ao Decreto 102/2006, do 22 de xuño, coas modificacións introducidas polo Decreto 89/2010, do 3 de xuño. O

Concello de Viveiro



Dependencia
XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUNZI0B0

Expediente

Fecha

13-07-15 10:18

orçamento estimado das obras é de 57.616,69 euros, coincidente co declarado na autoliquidación provisional practicada polo interesado.

De conformidade co disposto no artigo 194.2 da Lei 9/2002, do 3º de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (en diante, LOUGA) en relación co artigo 2.2, letra b) da Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación (LOE), as actuacións proxectadas constitúen actos de edificación e uso do solo que, conforme á normativa xeral de ordenación da edificación, precisan de proxecto de obras de edificación, polo que se atopan suxeitos a previa licenza municipal. O procedemento de outorgamento de licenzas urbanísticas é o regulado no artigo 195 da LOUGA. Constan no expediente os informes preceptivos técnico e xurídico, informe favorable en materia de estradas e proxecto técnico completo redactado por técnico competente. Respecto á adecuación das actuacións á lexislación e planeamento urbanísticos aplicables. Conforme o disposto no artigo 195.1 LOUGA, as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e planeamento urbanísticos. A normativa vixente no Concello de Viveiro para a resolución do procedemento é a contida no Decreto 102/2006, do 22 de xuño, polo que se suspende a vixencia das normas subsidiarias de planeamento municipal de Viveiro e se aproba a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento. (D.O.G. nº 120, do 23 de xuño de 2006) coas modificacións introducidas polo Decreto 89/2010, do 3 de xuño (D.O.G. nº 109, do 10 de xuño de 2010) polo que se modifica a anterior ordenación urbanística provisional; de acordo con dita normativa e no ámbito de solo de núcleo rural, resultan de aplicación as previsións do punto 7 do Anexo do Decreto 102/2006. O punto 7.3 regula as condicións específicas para as edificacións tradicionais existentes nos núcleos rurais indicando que *“no ámbito de aplicación desta ordenanza, permitiranse obras de conservación, restauración, rehabilitación e reconstrución sempre que non supoñan variación das características esenciais do edificio orixinario nin alteración do lugar, do seu volume nin da tipoloxía orixinaria, sen necesidade de cumprir as condicións de edificación do punto 7.2.”* O Plano U-1 do proxecto xustifica o cumprimento da ordenación urbanística provisional, constando informe favorable dos servizos técnicos ás actuacións propostas.

A Xunta de Goberno Local, en base á proposta de resolución da técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Outorgar a D. Antonio Río Cortiñas, licenza municipal para executar obras de substitución de estrutura e renovación de fachada en vivenda unifamiliar sita no lugar de A Trabe, nº 24, na parroquia de Galdo-Viveiro, de referencia catastral

Concello de Viveiro



Dependencia
XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUNZI0B0

Expediente

Fecha

13-07-15 10:18

00201000PJ13A0002YZ, de acordo ao proxecto de execución asinado pola arquitecta, D^a. Susana Pérez Pereiras, visado polo COAG o 3 de xullo de 2014 co número 1404374 e baixo a dúa dirección facultativa, e sendo director de execución material das obras o arquitecto técnico, D. Bernardo Fraga Galdo.

Segundo.- CONDICIÓN S PARTICULARES.

1. De ser necesaria a ocupación da vía pública para os traballos de desescombro, demolición, colocación de andamiaxe e/ou instalación de guindastres, deberase solicitar e obter a previa e preceptiva autorización municipal.
2. Os entullos xenerados nas obras deberán ser trasladados a vertedoiro autorizado.

Terceiro.- Dar traslado deste acordo ó Departamento de Urbanismo ós efectos de proceder á súa notificación ós interesados.

B.- URB/117/2015.- 33304469D MARTINEZ VIDAL, JOSE MANUEL

Vista a solicitude de licenza presentada por D. José Manuel Martínez Vidal, con DNI 33.304.469-D, e domicilio en Xunqueira, 42, en Viveiro, para executar obras de substitución de cuberta na vivenda unifamiliar sita en Xunqueira, nº 42, en Viveiro, de referencia catastral 3146704PJ1334N0002FI. Coa solicitude achega proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto, D. Francisco J. Hermida Trastoy e oficio de dirección de obra, visados polo COAG en data 2 de febreiro de 2015 co número 1500514. O 12 de xuño de 2015 foron abonados os tributos municipais por ICIO, taxa de licenza de obras e sellos municipais.

Visto que tramitouse a solicitude de autorización da Comisión Territorial de Patrimonio Histórico de Lugo (expediente URB/177/2014) que rematou mediante resolución do 24 de abril de 2015 da xefa do Servizo de Coordinación da Area Cultural, por delegación da Directora Xeral de Patrimonio Cultural, autorizando a substitución da cuberta da vivenda sita en Xunqueira, nº 42, elevando a liña de cornisa en 35 cm e igualando a pendente dos dous faldóns de cuberta, debendo cumprir as obrigas expresamente indicadas.

Visto o informe técnico favorable, emitido polo arquitecto municipal. Segundo o mencionado informe, as actuacións propostas afectan a unha vivenda existente consistindo na substitución de cuberta cunha lixeira elevación da altura de cornisa, respetando a tipoloxía orixinaria. O inmovible ubícase en solo urbano non consolidado, no que resulta de aplicación a ordenanza regulada no punto 2 do anexo

Concello de Viveiro



Dependencia

XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUNZI0B0

Expediente

Fecha

13-07-15 10:18

ao Decreto 102/2006, do 22 de xuño (OUP), coas modificacións introducidas polo Decreto 89/2010, do 3 de xuño; como consecuencia de atoparse dentro da área de protección dun BIC (Convento de Valdeflores), resúltanlle asimesmo aplicables a disposición do punto 11 –ordenanza de protección do patrimonio- da OUP. O orzamento estimado das obras é de 10.745,00 euros, coincidente co declarado na autoliquidación provisional practicada polo interesado.

Visto o informe favorable, emitido pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, de conformidade co disposto no artigo 194.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (en diante, LOUGA) en relación co artigo 2.2, letra b) da Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación (LOE), as actuacións proxectadas constitúen actos de edificación e uso do solo que, conforme á normativa xeral de ordenación da edificación, precisan de proxecto de obras de edificación, polo que se atopan suxeitos a previa licenza municipal. O procedemento de outorgamento de licenzas urbanísticas é o regulado no artigo 195 da LOUGA. Constan no expediente os informes preceptivos técnico e xurídico así como a documentación descrita o citado precepto (proxecto técnico completo redactado por técnico competente). Deuse cumprimento ao disposto no artigo 196.5 da LOUGA respecto da prelación de licenzas e outros títulos administrativos, obrando no expediente a autorización do órgano competente en materia de protección do patrimonio histórico-cultural. Respecto á adecuación das actuacións á lexislación e planeamento urbanísticos aplicables. Conforme o disposto no artigo 195.1 LOUGA, as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e planeamento urbanísticos. A normativa vixente no Concello de Viveiro para a resolución do procedemento é a contida no Decreto 102/2006, do 22 de xuño, polo que se suspende a vixencia das normas subsidiarias de planeamento municipal de Viveiro e se aproba a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento. (D.O.G. nº 120, do 23 de xuño de 2006) coas modificacións introducidas polo Decreto 89/2010, do 3 de xuño (D.O.G. nº 109, do 10 de xuño de 2010) polo que se modifica a anterior ordenación urbanística provisional; segundo se pon de manifesto no informe favorable do arquitecto municipal, as actuacións propostas adecúanse á normativa urbanística e ordenanzas de aplicación.

A Xunta de Goberno Local, en base á proposta de resolución da técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Outorgar a D. José Manuel Martínez Vidal, licenza municipal para executar obras de substitución de cuberta na vivenda unifamiliar sita en Xunqueira,

Concello de Viveiro



<i>Dependencia</i> XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL 62.- MOC		
<i>Documento</i> XUNZI0B0	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 13-07-15 10:18

nº 42, en Viveiro, de referencia catastral 3146704PJ1334N0002FI, de acordo co proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto, D. Francisco J. Hermida Trastoy visado polo COAG en data 2 de febreiro de 2015 co número 1500514 e con exacto cumprimento das condicións establecidas na resolución do 24 de abril de 2015 da xefa do Servizo de Coordinación da Area Cultural, notificada ao interesado o 18 de maio de 2015. A execución das obras levarase a cabo baixo a dirección facultativa do técnico antes mencionado.

Segundo.- CONDICIÓN PARTICULARES.

1. O interesado deberá constituir na Tesourería Municipal, no prazo dos quince días seguintes ao da notificación do acordo de outorgamento da licenza, unha fianza en garantía dos posibles danos que se ocasionen no espazo público durante a execución das obras, en contía de MIL CINCO CENTOS EUROS (1.500,00).
2. De ser necesaria a ocupación da vía pública para os traballos de desescombro, demolición, colocación de andamiaxe e/ou instalación de guindastres, deberase solicitar e obter a previa e preceptiva autorización municipal.
3. Os entullos xenerados nas obras deberán ser trasladados a vertedoiro autorizado.

Terceiro.- CONDICIONS XERAIS

- 1.1 A presente licenza só facultará ó seu titular para realizar a actuación solicitada e producirá efectos entre o Concello e o suxeito a cuxa actuación se refire pero non alterará a situacións xurídico privadas entre este e as demais persoas.
- 1.2 As obras executaranse con estrita suxeición ó proxecto aprobado e baixo a dirección dos técnicos que figuran no expediente. Toda variación ulterior que se pretenda introducir precisará a conformidade previa.
- 1.3 O promotor queda obrigado ao cumprimento das medidas de seguridade e saúde no traballo previstas na lexislación vixente, coa obrigatoriedade de levantar un valado de protección que non poderá impedi-lo tránsito público; así mesmo, as estadas que se empreguen deberán acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal da obra e de terceiros que transiten pola vía pública.
- 1.4 Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro e non poderá ser invocada para

Concello de Viveiro



Dependencia

XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUNZI0B0

Expediente

Fecha

13-07-15 10:18

excluir ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.

- 1.5 Os prazos para o inicio das obras non poderá exceder de seis meses e o de remate de tres anos, contados dende a data do outorgamento da licenza, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses . O incumprimento dos citados prazos producirá a caducidade da licenza. A declaración de caducidade extinguirá a licenza, non podendo iniciarse nin continuar as obras, agás traballos de seguridade e mantemento, dos que se dará conta ó Concello para o seu control, sen prexuízo do establecido no parágrafo seguinte.
- 1.6 O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, previa solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

Cuarto.- Dar traslado deste acordo ó Servizo de Urbanismo ós efectos de proceder á súa notificación ós interesados e ó Servizo de Tesourería.

6.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

A.- URB/23/2015.- 76616998L REGAL FERNANDEZ, EMILIO

Vista a solicitude de licenza de primeira ocupación, presentada por D. Emilio Regal Fernández, con DNI 76.616.998-L, e domicilio na Avda. Villalba, 2, portal 7-3ºB2, en Viveiro.

Visto que se adxunta á dita licenza certificado de final de obra visado polo COAG o 23 de xaneiro de 2015 no que consta que a edificación foi rematada o 20 de outubro de 2014. Certificación expedida polo arquitecto director das obras en fecha 20 de outubro de 2014 acreditativa do cumprimento da normativa de habilitabilidade. Xustificante de ter iniciado o expediente de alta da construción no Catastro, en fecha 3 de febreiro de 2015. Certificación do arquitecto director da obra acreditativa da execución das obras de urbanización. Documento técnico asinado polo arquitecto, D. Francisco J. Hermida Trastoy no que se contén a memoria de modificacións introducidas durante o proceso construtivo e planos, visado polo COAG o 16 de xaneiro de 2015 co número 1104327,4, e os seguintes Anexos:

Concello de Viveiro



<i>Dependencia</i> XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL 62.- MOC		
<i>Documento</i> XUNZI0B0	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 13-07-15 10:18

- a) I, de modificacións introducidas (afectan ás instalacións térmicas do proxecto).
- b) II, comprensivo da relación dos controis realizados.
- c) III, relativo ao cumprimento das disposicións do decreto 42/2009, de 21 de xaneiro, polo que se regula a certificación enerxética de edificios de nova construción en Galicia.

Visto que o 15 de xuño de 2015 emitíu informe o arquitecto municipal, tras a visita de comprobación realizada ás obras, no que conclúe que atendendo á normativa aplicable, a vivenda atópase en condicións de ser habitada.

Visto o informe xurídico emitido pola técnico xurídico de urbanismo, en virtude do previsto nos artigos 172 e 175 do ROF, así como a súa proposta de resolución.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, e en base a proposta de Resolución do informe da técnico xurídico de urbanismo, acorda:

Primeiro.- Conceder a D. EMILIO REGAL FERNÁNDEZ, licenza de primeira ocupación para a vivenda unifamiliar construída no lugar de Briero, parroquia de Faro, ao amparo da licenza outorgada pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o 13 de abril de 2011 (expediente URB/54/2011), e rematada o 20 de outubro de 2014.

Segundo.- Devolver de oficio a fianza de 1.200 euros constituída polo interesado en fecha 31 de maio de 2011 (nº de operación 320110001061) en garantía da execución simultánea das obras de edificación e das actuacións de urbanización pendentes (entronque coas redes de servizos existentes) toda vez que foi acreditada polo técnico director de obra a súa total execución segundo o proxecto e licenza.

Terceiro.- Previamente á expedición da licenza solicitada o interesado deberá abonar as taxas regulamentarias de acordo coas ordenanzas fiscais deste Concello.

Cuarto.- Dar traslado do presente acordo ó Servizo de Urbanismo, así como ao Departamento de Tesourería ó obxecto de que se notifique o presente acto, finalizador da vía administrativa, ós interesados.

Concello de Viveiro



Dependencia
XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUNZI0B0

Expediente

Fecha

13-07-15 10:18

7.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

A.-15.07.07/SEG.- D. JUAN ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, EN NOME E REPRESENTACIÓN DE "CONSTRUCCIONES OS MOLINEROS, S.L."

Vista o escrito presentado por D. Juan Antonio Rodríguez Rodríguez, en nome e representación de "Construcciones Os Molineros, S.L.", con CIF B-27.296.011, e domicilio fiscal na Rúa Salvador de Madariaga, nº 1 entreplanta D, Foz, solicitando licenza de segregación do local de referencia catastral 3149802PJ1334N0011ZP existente na planta baixa do edificio construído na rúa Alonso Pérez, nº 28, en Viveiro.

Visto que a superficie actual do local é de 93 metros cadrados e preténdese a súa división en dous locais: Local A, que quedará con unha superficie de 49,50 metros cadrados utis e Local B, de 42,50 metros cadrados de superficie.

Visto que o 23 de abril de 2015, en resposta ao previo requirimento de subsanación de documentación, a mercantil interesada incorporou diversa documentación.

Visto que o arquitecto municipal emitíu informe favorable á segregación pretendida o 17 de xuño de 2015.

Visto que por parte da técnico de Urbanismo se emitíu informe xurídico, de conformidade co establecido nos artigos 17.2 do Real Decreto legislativo 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo esixe, para autorizar escrituras de segregación ou división de fincas (definidas como a unidade de solo ou de edificación atribuída exclusiva e excluíntemente a un propietario ou varios proindiviso), a acreditación documental da conformidade, aprobación ou autorización administrativa a que estea suxeita, de ser o caso, a división ou segregación conforme á lexislación que lle sexa aplicable. O artigo 194.2 letra f) da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia –LOUGA- somete a previa licenza municipal, sen prexuízo das autorizacións procedentes de acordo coa lexislación aplicable, as segregacións ou outros actos de división de fincas en calquera clase de solo. E segundo o establecido no artigo 10.3, letra b) da Lei de Propiedade Horizontal, esíxese autorización administrativa en todo caso, para (entre outros) os actos de división material dos pisos ou locais e dos seus anexos, para formar outros mais reducidos e

Concello de Viveiro



Dependencia
XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUNZI0B0

Expediente

Fecha

13-07-15 10:18

independentes; o aumento da súa superficie por agregación doutros colindantes do mesmo edificio ou a súa diminución por segregación de algunha parte (...)

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Outorgar a D. Juan Antonio Rodríguez Rodríguez, en nome e representación de CONSTRUCCIONES OS MOLINEROS, S.L, a licenza de segregación do local que forma parte dunha propiedade horizontal e que constitúe finca rexistral (está inscrita, según manifesta o interesado, ao Tomo 797, libro 312, Folio 77, Finca 31974 do Rexistro da Propiedade de Viveiro).

Segundo.- Dar traslado do expediente á Tesourería Municipal para que practique a liquidación dos tributos municipais que procedan.

Terceiro.- Dar traslado deste acordo ó Servizo de Urbanismo, ós efectos de proceder á súa notificación ós interesados.

8.- INICIO DE LICENZAS DE OBRA

A.- URB/14/2014.- 33994969A NAVARRO SUAREZ, PEGGY

Vista a solicitude de modificación de licenza e inicio de execución de obra presentada por D^a. Peggy Navarro Suárez, con DNI 33.994.969-A, e domicilio na Praza Marqués de San Martín, 3-3º, C.P. 15001 A Coruña.

Visto que o 26 de febreiro de 2014, a Xunta de Goberno acordou conceder a D^a. Peggy Navarro Suárez, licenza para rehabilitación de dúas vivendas sitas na rúa Luis Trelles, números 34 e 34 bis, en Viveiro, conforme ao proxecto básico achegado coa solicitude e establecendo a obriga da presentación de proxecto de execución previamente ao inicio das obras, así como os oficios de dirección de obras e proxecto de ICT.

Visto que en data 2 de xaneiro de 2015, rexistrado de entrada co número 5, a interesada incorporou ao procedemento un documento técnico en formato CD denominado "Proyecto básico modificado y de ejecución de rehabilitación de edificio para vivienda unifamiliar" na rúa Luis Trelles nº 34, en Viveiro, no que figura como promotora e arquitecta proxectista a mencionada, D^a. Peggy Navarro Suárez, visado polo COAG o 30 de decembro de 2014, co número 1408686. Segundo consta na Memoria descritiva do documento técnico, a modificación consiste na rehabilitación

Concello de Viveiro



Dependencia

XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUNZI0B0

Expediente

Fecha

13-07-15 10:18

do inmobile transformando as dúas vivendas orixinais nunha soa vivenda para mellorar as condicións de habitabilidade do edificio.

Visto que en datas 22 de xaneiro e 25 de marzo de 2015, a interesada incorporou ao procedemento os oficios de dirección facultativa de obras (a favor da propia promotora-arquitecta, D^a. Peggy Navarro Suárez) e de dirección de execución material (a favor do arquitecto técnico, D. Luis Rodríguez Díaz), respectivamente.

Visto que en data 8 de xuño de 2015 incorporouse ao expediente o informe dos servizos técnicos municipais de 30 de marzo, asinado pola aparelladora da Oficina de Rehabilitación do Casco Antigo, co visto e praxe do arquitecto municipal, de carácter favorable. Segundo dito informe, como consecuencia das modificacións introducidas sobre o proxecto co que se obtivo a licenza municipal, prodúcese un incremento no orzamento de execución material, que ascende a 22.912,06 euros, que deberá ser obxecto da correspondente liquidación complementaria.

Visto que o novo proxecto presentado e titulado, proxecto básico e modificado e de execución de rehabilitación de edificio para vivenda unifamiliar, foi informado o 30 de marzo de 2015 pola arquitecta técnica da Oficina de Rehabilitación, co visto e praxe do arquitecto municipal.

Visto que por parte da técnico xurídico do Departamento de Urbanismo se emitiu informe xurídico.

Visto que por parte da técnico xurídico do Departamento de Urbanismo se indica no seu informe que o artigo 16 da Ordenanza Municipal de tramitación de licenzas urbanísticas (aprobada definitivamente polo Pleno do Concello o 8 de marzo de 2007 e publicada no BOP de Lugo nº 88, do 18/04/2007 establece o réxime xurídico aplicable aos supostos de modificacións das licenzas urbanísticas, indicando no parágrafo 2º que as alteracións que pretendan introducirse durante a execución das obras autorizadas só precisarán de aprobación municipal cando supoñan cambios de uso ou afecten ás condicións de volume e forma dos edificios, á posición e ocupación do edificio na parcela, á edificabilidade, ó número de vivendas, ás condicións de seguridade ou á estética. Segundo a descrición das modificacións a introducir contida no documento técnico, neste caso é necesaria a aprobación municipal por afectar ao numero de vivendas, que pasa das dúas inicialmente autorizadas a só unha vivenda. O documento técnico achegado coa solicitude denominado “proyecto básico y de ejecución ...” e a designación de dos directores de obra e de execución material resultan suficientes para autorizar o inicio da

Concello de Viveiro



Dependencia
XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUNZI0B0

Expediente

Fecha

13-07-15 10:18

execución das obras, toda vez que o proxecto foi informado favorablemente polos servizos técnicos municipais. O apartado 4 do artigo 16 da Ordenanza Municipal de tramitación de licenzas urbanísticas dispón –nos casos de modificación de licenzas– que a licenza que se conceda limitárase a recoller o contido da modificación, facendo referencia á licenza que se modifica. De conformidade co disposto no artigo 47.2 da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia, os Concellos son competentes para autorizar as obras que desenvolvan os plans especiais de protección dos conxuntos históricos, tras a súa aprobación definitiva, debendo dar conta á Consellería de Cultura das licenzas concedidas nun prazo máximo de dez días.

A Xunta de Goberno Local, en base á proposta de resolución da técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Autorizar a modificación da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local a D^a. Peggy Navarro Suárez, en data 26 de febreiro de 2014 e o inicio da execución das obras. As obras executaranse segundo o "*Proyecto básico modificado y de ejecución de rehabilitación de edificio para vivienda unifamiliar*" na rúa Luis Trelles nº 34, en Viveiro", redactado pola promotora-arquitecta, D^a. Peggy Navarro Suárez, visado polo COAG o 30 de decembro de 2014, co número 1408686, baixo a súa dirección facultativa, e a de, D. Luis Rodríguez Díaz en canto á execución material das obras.

Segundo.- A autorización municipal non altera o resto das condicións ás que se suxeitou a concesión da licenza orixinaria, agás a relativa á presentación do proxecto de infraestrutura común de telecomunicacións (ICT) por non resultar esixible no caso de vivendas unifamiliares; tampouco implica prórroga do prazo de remate, que deberá ser obxecto de solicitude de ampliación, de ser necesario.

Terceiro.- Dar traslado do expediente á Tesourería municipal para que practique a liquidación complementaria que corresponda pola diferenza de orzamento, que ascende a 22.912,06 euros.

Cuarto.- Dar traslado deste acordo ó Servizo de Urbanismo ós efectos de proceder á súa notificación ós interesados.

Quinto.- Dar conta da autorización de modificación da licenza outorgada o 26 de febreiro de 2014, no prazo máximo de dez días, á Consellería de Cultura, en

Concello de Viveiro



Dependencia

XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUNZI0B0

Expediente

Fecha

13-07-15 10:18

cumprimento do disposto no artigo 47.2 da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia.

B.- URB/15/2014.- 34636163A NAVARRO SUAREZ, KATERI

Visto que na Xunta de Goberno, na sesión do 26 de febreiro de 2015 outorgou licenza de obras a D^a. Kateri Navarro Suárez para rehabilitación de edificio destinado a vivenda unifamiliar sito na rúa Luis Trelles, nº 36, en Viveiro, condicionando o inicio da execución das obras á presentación do proxecto de execución e dos oficios visados de dirección da execución das obras.

Visto que a promotora deu cumprimento ás anteriores condicións en datas 22 de xaneiro (proxecto de execución en formado CD e oficio de dirección de obra a favor da arquitecta, D^a. Peggy Navarro Suárez) e 29 de abril de 2015 (dirección de execución material das obras a favor do aparellador, D. Luis Rodríguez Díaz).

Visto que o proxecto de execución foi informado favorablemente o 30 de abril de 2015 polos servizos técnicos municipais, incorporándose ao expediente o 8 de xuño actual.

Visto que por parte da técnico xurídico do Departamento de Urbanismo se indica no seu informe que o artigo 6.3 letra a) do Código Técnico da Edificación, aprobado polo Real Decreto 314/2006, do 17 de marzo dispón que aos efectos da súa tramitación administrativa, todo proxecto de edificación poderá desenvolverse en dúas etapas, a fase de proxecto básico e a fase de proxecto de execución, sendo aquel suficiente para solicitar a licenza municipal de obras. A presentación do proxecto de execución implica a obriga para os servizos técnicos municipais de proceder a unha comparación de aquel co proxecto básico, para comprobar a identidade de ámbolos dous proxectos presentados e expresar a súa idoneidade a través dunha autorización que faculte ao particular interesado o inicio das obras. Tal obriga foi cumprimentada mediante o informe técnico de conformidade dos servizos técnicos municipais, segundo o cal o proxecto de execución presentado desenvolve o básico co que se obtivo a licenza. A regulación xeral e autonómica de aplicación no procedemento de outorgamento de licenzas urbanísticas non establece trámite específico de ningún tipo para a verificación dos proxectos de execución, polo que, agás que se tiveran levado a cabo modificacións no proxecto de execución sobre o básico inicial que puidieran vulnerar a normativa urbanística, non é preciso ningún novo informe ou estudo sobre a legalidade da actuación pretendida. Por tal razón, unha vez emitido o informe de conformidade do proxecto de execución sobre o

Concello de Viveiro



Dependencia
XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUNZI0B0

Expediente

Fecha

13-07-15 10:18

básico presentado, só procede comunicarlle dito extremo á interesada, autorizando o inicio das obras.

A Xunta de Goberno Local, en base á proposta de resolución da técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Autorizar a D^a. Kateri Navarro Suárez o inicio da execución das obras amparadas pola licenza tramitada baixo o número de expediente URB/15/2014, consistentes na rehabilitación de edificio destinado a vivenda unifamiliar sito na rúa Luis Trelles, nº 36, en Viveiro. A autorización de inicio non implica prórroga do prazo de remate das obras, que deberá ser solicitada de ser o caso.

Segundo.- Dar traslado deste acordo ó Servizo de Urbanismo ós efectos de proceder á súa notificación ós interesados.

9.- AUTORIZACIÓN AUTONÓMICA PARA OBRAS EN SOLO RÚSTICO.

A.- URB/59/2015.- 42954212X BASANTA CABEZA, MANUEL JOSE

Vista a solicitude de D. José Manuel Basanta Cabeza, con DNI 42.954.212-X, e domicilio no barrio Outeiro, 6, parroquia de Landrove, en Viveiro, presentada en data 10 de marzo de 2015 (nº de rexistro 1.678), de tramitación do procedemento regulado no artigo 41 da LOUGA, de tramitación das autorizacións autonómicas en solo rústico, achegando coa solicitude un proxecto de substitución de cuberta en vivenda unifamiliar asinado pola arquitecta, D^a. Susana PÉrez Pereiras e visado polo COAG o 10 de febreiro de 2015 co número 1500721.

Visto o informe técnico emitido polo arquitecto municipal no que se indica que a clasificación do solo é de solo rústico especialmente protexido, a edificación atópase dentro da zona de protección das liñas ferroviarias, calquera tipo de obras dentro deste ámbito requirirá da autorización sectorial do administrador de infraestruturas ferroviarias, ADIF, Ley 39/2003 de 17 de novembro do sector ferroviario e Real Decreto 2387/2004 de 30 de decembro polo que se aproba o Reglamento del Sector Ferroviario. Serán de aplicación as condicións establecidas nas autorizacións de ADIF.

Visto o informe emitido pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo no que se indica que as accións pretendidas están suxeitas a licenza municipal, nos termos

Concello de Viveiro



Dependencia

XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUNZI0B0

Expediente

Fecha

13-07-15 10:18

